



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA N.º.../2017

Visto que, con base nas circunstancias anteditas, e mediante Providencia de Alcaldía de 11 xullo de 2017, se iniciou o expediente de selección dun socorrista.

Visto o informe emitido polo Secretario-Interventor, con data de 11 de xullo de 2017, e que resulta favorable á convocatoria do dito proceso selectivo;

Así, á vista do anteriormente exposto, e de conformidade ás atribucións que a normativa aplicable me confire,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a convocatoria do proceso de selección dun socorrista para a piscina municipal (Programas de Cooperación)ñ

Segundo: Aprobar as bases reguladoras do proceso de selección dun socorrista , e que se transcriben a continuación:

“BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO -OPOSICIÓN, DE UN SOCORRISTA

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto das presentes bases é proceder á contratación de un socorrista, a xornada completa, mediante o sistema de concurso-oposición. Esta contratación realizarase na modalidade de “contrato de traballo temporal de interese social”, ao abeiro da normativa contida no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como no Real Decreto 2720/1998, de 18 decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.

A devandita contratación realizase con base á subvención concedida ao abeiro da Orde do 2 de maio de 2017, pola que se regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicios do ano 2017.

SEGUNDA.- RÉXIME XURÍDICO. O proceso selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, ou en aquilo que as contradiga, será de aplicación o establecido nas seguintes disposicións, así como no resto de disposicións que resulten aplicables:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local;
- Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público;
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia;
- Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local;
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local;
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado.
- Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ao aspirante que resulte nomeado seranlle de aplicación as previsións que establece a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (no que lle resulten aplicables); e o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

Val do Dubra, naturalmente



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcaí, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

Val do Dubra, naturalmente

TERCEIRA.- FUNCIONS DO POSTO.

- Garantizar de forma directa e persoal, a seguridade dos usuarios e bañistas, durante o tempo que permanezcan no vaso da piscina.
- Advertir as persoas e bañistas dos perigos que poden correr, unha vez no vaso da piscina, se non saben andar e manterse na piscina.
- Prestar, de forma directa e persoal, os primeiros auxilios as persoas bañistas que, por calquera razón ou motivo, encontrándose no vaso da piscina, poidan pasar apuros ou malestar.
- Pasar o limpiafondos e limpeza do vaso.
- Análisis diario do PH e cloro de auga mantendo os niveis establecidos por Sanidade.
- Manexo da depuradora: limpeza do filtro, lavado de arenas, contralavado, limpeza de pediluvios e aplicación de produtos químicos.
- Controlar o acceso e o aforo da piscina.
- Calquer outra función que fose necesaria desempeñar do acordo o seu posto, e conforme a lexilación vixente.

CUARTA.- DURACIÓN.

O período de contratación terá unha duración de dous (2) meses.

QUINTA.- XORNADA DE TRABALLO.

A xornada ordinaria de traballo será de trinta e sete horas e media (37,5) semanais.

SEXTA.- RETRIBUCIÓNS SALARIAIS MENSUAIS ÍNTEGRAS.

1087 euros mensuais, distribuídos nos seguintes conceptos salariais:

- Salario Base: 932 euros
- Prorrateo de pagas extraordinarias: 155,33 euros

SETIMA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de presentación da oferta, e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

- a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que consonte ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) É obrigatorio estar en posesión do título de Socorrista en salvamento e primeiros auxilios.
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada. No caso de nacionais doutros estados, no estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria o equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- d) Ter cumpridos os 18 anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- f) Estar inscrito como desempregado no Servizo Público de Emprego de Galicia.

OITAVA.- PUBLICIDADE

As bases de selección publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e na Páxina web do concello. O resto de anuncios relativos a este procedemento selectivo difundiranse mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

NOVENA. TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

O tribunal estará composto polos seguintes membros:

Presidente/a: Ana Lucía Calviño Canedo

Vogais:

- Ricardo Iglesias Pensado, traballador do Concello de Val do Dubra.
- Benigno Garcia Rey, traballador do Concello de Val do Dubra.
- Jesús Carlos Nieto Vilas, traballador do Concello de Val do Dubra.

Secretaria: Jacqueline Pombo Traba, traballadora do Concello de Val do Dubra.

A súa composición axustarase os principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo preciso en todo caso a asistencia do presidente e do secretario.

Deberán posuír titulación igual ou superior á esixida aos aspirantes como requisito para participar na convocatoria, e non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros,



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcaí, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

debedo estar presentes o/a Presidente/a e o Secretario/a en todo caso.

DECIMO.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de Concurso-Oposición.

5.1- Fase de Concurso:

Terase en conta o título de maior rango presentado.

- Licenciado en INEF.....3 Puntos.
- Mestre especialista en educación física.....2,5 Puntos.
- Técnico superior en actividades físicas e deportivas..2 Puntos.

Non acumulables.

- Entrenador superior de natación (RFEN).....1,5 Puntos.
- Entrenador auxiliar ou profesor de natación (RFEN)...1 Punto.
- Monitor de natación.....0,5 Puntos.

Sumarase a puntuación acadada nos apartados a e b para determinar a puntuación total na fase de concurso.

Os documentos orixinais acreditativos destas titulacións deberán ser presentados o día fixado para a realización das probas e antes da celebración das mesmas.

5.2 Fase de oposición: Os/as interesados presentaranse no lugar, día e hora, fixados pola Oficina de Emprego aos efectos de levar a cabo os seguintes exercicios:

- Primeiro exercicio de carácter obrigatorio : Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 20 preguntas e 5 de reserva. Disporán de un período de 60 minutos. Cada pregunta acertada terá unha puntuación de 0,5 puntos.

- Segundo exercicio de carácter obrigatorio: Consistirá na realización dunha entrevista. A puntuación máxima da entrevista será de 3 puntos.

- Terceiro exercicio, PROBA DE GALEGO. Os/as aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 2 ou equivalente) terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento consistente nunha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Serán cualificados como aptos/as os/as aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado. No caso de non realizar a tradución completa serán considerados non aptos.

ÚNDÉCIMO.- PUBLICACIÓN.-

Rematado os exercicios, o Tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación. A persoa que consiga maior puntuación será proposta ao Presidente da Corporación para que faga o nomeamento e se formalice o contrato. Non se poderá propoñer a máis persoas das prazas convocadas.

DÉCIMOSEGUNDO.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.-

A formalización do contrato terá lugar en canto o interesado presente a documentación pertinente:

- Fotocopia D.N.I
- Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, CCAA ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Informe médico que xustifique que o aspirante ten aptitude física para realizar as tarefas do posto de traballo.
- Celga 2 ou equivalente.
- Xustificante da Conta Bancaria.

Establecerase un período de proba de 15 días, conforme o artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trata o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito. No non previsto nas presentes bases, será de aplicación o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

DÉCIMOTERCEIRO.- RECURSOS.-

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimane destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma que se prevé na Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

DÉCIMOCUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS.-

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporándose nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Val do Dubra, onde poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, e no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaría solicitudes asinadas por escrito xunto cunha fotocopia do DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consintan o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, así como a provisión

Val do Dubra, naturalmente



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcaí, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

Val do Dubra, naturalmente

de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Asimesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello aos efectos de dar publicidade a esixida ó procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha forma non rango de Lei”.

ANEXO I

TEMA 1- Socorrismo e Primeiros Auxilios: Obxectivos. Premisas fundamentais en socorrismo. Aptitudes do socorrista. Principios de actuación do socorrista. Procedementos básicos nas técnicas de primeiros auxilios. Atención aos feridos: síntomas, tratamento e traslado.

TEMA 2- O socorrista acuático, perfil funcional. A preparación técnica. A preparación física do socorrista acuático: Resistencia, velocidade, forma e axilidade.

TEMA 3- As técnicas, métodos e materiais necesarios para efectuar rescates. As técnicas, métodos e materiais necesarios para efectuar os primeiros auxilios.

TEMA 4- Principios polos que debe rexirse o salvamento acuático. Diagnóstico da situación. A actuación.

TEMA 5- Entrada na auga: importancia e factores a ter en conta na elección da entrada. Entrada na auga. Sin material auxiliar. Con material de salvamento.

TEMA 6- A flotación no salvamento acuático. Importancia da flotación. Aplicación dos tipos de flotación no salvamento acuático.

TEMA 7- Lesións específicas no medio acuático. Feridas e pequenos cortes na pel. Efectos do sol e da temperatura ambiental. Lesións articulares e óseas: inmovilización instrumentalizada. Outras lesións.

TEMA 8- Natación de salvamento. Técnicas e estilos de natación: utilidade no salvamento acuático. Buceo en apnea.

TEMA 9- Prevención de accidentes acuáticos, técnicas de traballo preventivo. Diseño de cobertura do servizo. Supervisión de usuarios e actividades: técnicas de vixilancia. Síndrome de inmersión. Medidas preventivas do afogamento. Aspectos xerados da actuación no socorrista acuático. Normativa de aplicación ás piscinas de uso colectivo.

TEMA 10- O Concello de Val do Dubra: realidade socioeconómica. A organización municipal no concello de Val do Dubra.

TEMA 11- Real Decreto 741/2013 do 27 de Setembro.

TEMA 12- Decreto 103/2005 do 6 de Maio.

Terceiro.- O Tribunal constituirase o día 13 de xullo de 2017 ás 9:30 horas, no primeiro andar da Casa do Concello de Val do Dubra.

Cuarto.- Os aspirantes deberán presentarse o día 13 de xullo de 2017 ás 12:00 horas na Casa do Concello.

Quinto.- Non se permitirá nos recintos onde se celebren os exercicios o acceso e tenencia de teléfonos móbiles, axendas electrónicas ou calquera outro material ou instrumento do que poidan valerse os/as aspirantes ás probas na realización dos exercicios.

Sexto.- Os sucesivos anuncios relacionados con esta convocatoria serán publicados exclusivamente no taboleiro de edictos do Concello.

Val do Dubra, 12 de xullo de 2017

A alcaldesa/presidenta

Celsa Oreiro Bermúdez

Delegación do 05/07/2017

P.P no B.O.P